

## **INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 6 DE NOVEMBRO DE 2020 POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS EXCEPCIONAIS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS) NO MARCO DA CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19**

En data 13 de maio de 2020 ditouse a resolución reitoral pola que se aprobou o protocolo que establece o retorno á actividade presencial na Universidade de Vigo e as medidas de prevención asociadas fronte ao COVID-19.

Posteriormente emitíronse varias instrucións da xerencia en desenvolvemento deste protocolo. O 27 de maio a instrución pola que se desenvolvía a segunda fase do protocolo de retorno. O 25 de xuño a instrución sobre medidas aplicables ao persoal con cargas familiares ou pertencentes a grupos vulnerables para o retorno a partir do 1 de xullo e o 11 de setembro a relativa á medidas aplicables ao persoal de administración e servizos (PAS) en situación de vulnerabilidade ao SARS-CoV-2.

A actual evolución da pandemia provoca que as autoridades competentes impulsen novas iniciativas para incrementar a seguridade e tentar minimizar ou reducir no posible os riscos a expansión da Covid-19. As medidas de contención do virus nesta fase da pandemia estanse centrando nos contextos de ocio e no ámbito familiar e persoal, onde as autoridades sanitarias insisten en que se produce a maior parte dos contaxios. No último acordo do Consello Interterritorial de Saúde do 30 de setembro, acordáronse unha serie de limitacións para as zonas máis afectadas polos contaxios, que inclúe restricións de movementos para saír e entrar nos concellos, así como reducións de foros e limitacións de horarios na hostalería e establecementos comerciais, ademais de reducir a agrupación de persoas a un máximo de seis, agás algún caso que permite reunións máis numerosas no desenvolvemento de actividades laborais.

No Decreto 178/2020, do 30 de outubro (DOG núm219-bis, do 30 de outubro), da presidencia da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro (BOE núm 282, do 25 de outubro), polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV.2, recóllense limitacións de entrada e saída nalgúns concellos, exceptuándose estas limitacións, entre outros casos, cando se trata do cumprimento de obrigas laborais e para a asistencia a centros universitarios.

As medidas do decreto 178/2020 foron referendadas e/ou ampliadas polo decreto 179/2020 (DOG nº 223-bis 4 de novembro) e a orde da Consellería de sanidade do 4 de novembro (DOG nº 223-bis), pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A universidade xa ten promovido, mediante a instrución da xerencia do 11 de setembro, medidas no concerne ao PAS especialmente vulnerable ao SARS-Cov-2, non obstante, nas circunstancias actuais, tendo en conta os acordos adoptados na reunión do 4 de novembro de 2020 polo comité de asesoramento sobre a COVID-19 resulta aconsellable promover novas iniciativas de carácter preventivo como adoptar medidas de tipo organizativo que contribúan a diminuír o nivel de risco do PAS, combinando a posibilidade de prestar servizos de xeito presencial e non presencial nos casos en que sexa factible e queden cubertas as necesidades do servizo.

Polo exposto esta xerencia resolve ditar as seguintes

## INSTRUCCIÓNS

### **PRIMEIRO.-** Obxecto.

Esta instrución ten por obxecto a adopción de medidas de carácter organizativo para a adaptación da prestación de servizos do PAS á evolución da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, coa finalidade de reducir os riscos de contaxio.

### **SEGUNDO.-** Posibilidade de alternancia de realización do traballo en réxime presencial e non presencial

O PAS da Universidade de Vigo poderá, sempre que sexa posible e de xeito voluntario, alternar o desenvolvemento do seu traballo nas modalidades de prestación presencial e non presencial, tendo en conta os seguintes condicionantes:

- a) As persoas responsables de cada servizo, área ou unidade organizarán as quendas entre o persoal ao seu cargo para realizar o traballo de xeito presencial ou non presencial, comunicando á xerencia semanalmente esta organización.
- b) As quendas realizaranse en función das necesidades do servizo, recomendando que os responsables dos servizos ordenen as quendas de xeito que todo o persoal afectado vaia rotando entre traballo presencial e non presencial, procurando a coincidencia das mesmas persoas na prestación do servizo en réxime presencial.

- c) As persoas responsables na organización destas quendas, garantirán unha prestación de servizos en réxime presencial dun mínimo do 50% dos efectivos do total da unidade, asegurando unha correcta prestación do servizo público e de atención ás persoas usuarias. Neste cómputo non se considerará ao persoal que xa ten autorizada a prestación de servizos de xeito non presencial pola situación de vulnerabilidade establecida na instrución da xerencia do 11 de setembro de 2020.
- d) A autorización para o desenvolvemento do traballo en réxime non presencial por parte do PAS en ningún caso pode exceder do 50% da xornada ordinaria de traballo en cómputo quincenal.
- e) O persoal que opte por acollerse á modalidade de traballo non presencial deberá dispor dos medios telemáticos e das conexións mínimas precisas para realizar o traballo sen diminución da produtividade e obxectivos esixibles en réxime presencial. Así mesmo, deberá dispor dos medios adecuados para a atención telefónica e por correo electrónico dentro da xornada ordinaria de traballo.

**TERCEIRO:** Exclusividade de traballo de xeito presencial

Non poderán acollerse ao traballo en réxime non presencial o seguinte persoal, agás o que teña autorizado o réxime non presencial de acordo coa referida instrución do 11 de setembro.

- a) O PAS que conte cun despacho ou oficina individual.
- b) As persoas responsables de servizos, áreas ou unidades.
- c) O PAS que, pola natureza dos servizos a prestar, non poida realizar as súas funcións de xeito non presencial.

**CUARTO:** Organización e comunicación de quendas de traballo presencial/non presencial.

As persoas responsables da cada servizo, área ou unidade comunicarán á xerencia (consultapas@uvigo.gal) o venres de cada semana, a previsión das persoas que realizarán o seu traballo na modalidade non presencial na seguinte semana, utilizando o seguinte modelo

Servizo / Área/ Unidade	.....	
Período semanal	Do .....	Ao.....
Quenda	Réxime presencial	Réxime non presencial
Apelidos e nome	.....	.....

Persoal con autorización de réxime non presencial por nivel de vulnerabilidade	.....	.....
--	-------	-------

**QUINTO.** Entrada en vigor.

Esta instrución entrará en vigor o luns 9 de novembro polo que, con carácter excepcional, atenderanse as peticións recibidas polas persoas responsables para iniciar esta nova modalidade o vindeiro martes 10 de novembro. A organización de seguinte semana (do 16 ao 20 de novembro) comunicaranse o venres 13 de novembro.

A vixencia desta instrución esténdese ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo dos cambios que poidan producirse en virtude do que establezan as autoridades competentes ou da súa prórroga en función da evolución das circunstancias derivadas da emerxencia sanitaria.

A xerenta

*(documento asinado dixitalmente)*